

COMPANHIA: Talía Teatro

OBRA: Bicos con lingua

SINOPSE ARGUMENTAL:

Espectáculo que nace dun forte sentimento de amor cara algo tan propio como é a nosa lingua: a lingua galega.

Non se trata en ningún momento dun exercicio de victimismo, nada máis lonxe da nosa intención, senón de afondar nun problema real e, certamente, preocupante.

Así, pretendemos que esta montaxe supoña para o espectador unha experiencia de redescubrimento, dunha lingua que existe e que crece na súa inmensa riqueza, a pesares dos usos e abusos aos que está sometida de cotío.

ACTUAN: Artur Trillo
Toño Casais

DURACION: 50' **PUBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Maiores de 13 anos

Sábado 13 de Decembro - 22:30 h.

COMPANHIA: Fredi

OBRA: Circanelo

SINOPSE ARGUMENTAL:

O teatro xestual, danza, acrobacia, malabares e outras disciplinas circenses como o mimo combínanse para crear una historia absurda, tola, sobre un artista coa intención de presentar o seu número a toda costa; e demostrar o seu amado público do que é capaz.

No intento, ésta personaxe encontraráase cun montón de trabas que solucionará dunha forma un tanto particular, axudado, en ocasións, por a participación do público e dentro dun mercado rexistro clownesco.

Obra gañadora do Festival Internacional de Clown (Festiclown 2006).

ACTUA: Fredi Alfredo Pérez Muíño

DURACION: 60' **PUBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Todos os públicos

**OUTRAS ACTIVIDADES DE INTERESE
NO CONCELLO DE PONTECESO**

XVIII FEIRA DAS FABAS:

O 25 de outubro, no Campo da Feira de Ponteceso.

FESTA DO MAGOSTO:

O 7 de novembro, na Praza do Pan de Corme, ás 20.00 h.

¡ESTADES CONVIDADOS/AS!

XIII CERTAME DE CORAIS POLIFONICAS DO NADAL 2008:
O día 20 de decembro, na Igrexa de Nosa Sra. dos Remedios, de Corme, ás 21:00 horas.

PARA OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS,
consultar os folletos impresos, ou a páxina web do
Concello de Ponteceso: www.ponteceso.net

Para máis información:

Oficina Municipal de Información Xuvenil	981 714 622
Oficina Municipal de Corme	981 738 428
Concello de Ponteceso	981 714 000

ORGANIZA:



**Concello de
PONTECESO**
Concellería de Cultura

COLABORA:



**DEPUTACIÓN
DA
CORUÑA**

SUBVENCIONA:

CICLO DE TEATRO

P O N T E C E S O

Sábados - 22:30 h.

**8, 15, 22 e 29 de NOVEMBRO '08
6 e 13 de DECEMBRO '08**



Sábado 8 de Novembro - 22:30 h.

COMPANHIA: Grupo Mérito (Portugal)

OBRA: O juiz das borracheiras

SINOPSE ARGUMENTAL:

O Grupo Mérito com 98 anos a fazer cultura, dando a todos nós o melhor que pode e sabe, fazendo Teatro Amador.

O juiz das borracheiras é teatro de cordel, de muleta popular de textos clássicos, passa a farsa independente, com direito a ter a cena toda por sua conta. Esta promoção concorre para a popularização do Teatro, numa conjuntura histórica dominada pela música, cinema, televisão e tecnologia da informação.

ACTUAN:

Juiz Marco Monteiro
Meirinho Daniel Ribeiro
Taberneira Marta Nunes
Josefa Neta Silvia Marques
Constança Sandra Oliveira
Peralta Nuno Novais
Martinho Miguel Oliveira
Veríssimo Ricardo Silva

Célia Andreia Costa
Joana Ligia Gonçalves
Ramon Vítor Parente
Trabalhador Andreia Costa
Capitão Augusto Cardoso
Poeta Marcos Amorim
Beleguim Albino Gonçalves
Rapariga Catarina Azevedo

DURACION: 90'

PUBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO: Maiores de 13 anos

Sábado 15 de Novembro - 22:30 h.

COMPANHIA: Teatro do Noroeste

OBRA: Extrarrádios

SINOPSE ARGUMENTAL:

Comedia urbana, ainda que marxinal, sobre o fructífero encontro de dúas mulleres singulares, unha mendiga chegada ao punto de maior degradación, e unha puta de estrada barata e acabada, que disputan o seu espazo vital, a

Eu vivo o teatro

¡Vive o teatro!

Ti viviches o teatro

Elas viviron o teatro

parada abandonada do bus 108.

Nos límites imprecisos da cidade, é posiblemente tamén da realidade, móvense estas personaxes que, a pesares da súa lateralidade, manteñen o seu dereito a ser felices. Se cadra, todo podería acontecer doutro xeito, pero elas asumen cunha dignidade túzara a parte que lles tocou vivir.

A casualidade fai que Raquel, a puta de estrada, e a mendiga se atopen. Transitan uns espazos onde o encontro era posible, e unha vez que este se dá, acontece como nesas asociacións interesadas de animais de distinta natureza que, complementándose, conviven. A súa asociación non dá como resultado a suma das súas posibilidades, senón que xera un novo ser distinto dos sumandos, con características e potencialidades nunca sospeitadas. A súa casual sociedade confírelles unha nova e brutal natureza que desenvolverán en toda a súa capacidade destructora.

ACTUAN: Luma Gómez
Victoria Pérez

DURACION: 90' **PUBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Adulto

Sábado 22 de Novembro - 22:30 h.

COMPANHIA: Talía Teatro **OBRA:** Anfitrión, E ti, quen ves sendo?

SINOPSE ARGUMENTAL:

Un fato de persoas sen teito vai representar unha versión do Anfitrión de Plauto nun festival organizado nun albergue de acollida. Por un desencontro coa dirección da institución asistencial deciden seguir os ensaios pola súa conta. Reunidos no lugar no que se acochan diariamente, o soto dun edificio en construción abandonado, o proceso de montaxe da célebre comedia plautina acaba derivando por insospeitados camiños.

ACTUAN: Toño Casais Gustavo G. Dieste
David Creus Artur Trillo
María Ordóñez Marta Ríos
Dani Trillo Rosi Barcala
Diego Rey
Xurxo Barcala

DURACION: 83' **PUBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Maiores de 13 anos

Ven vivir o teatro

Sábado 29 de Novembro - 22:30 h.

COMPANHIA: Lagarta, lagarta

OBRA: Aeroplanos

SINOPSE ARGUMENTAL:

Aeroplanos é unha comedia: de texto, de intriga, idealista, enxeñosa e de linguaxe sutil. Sabemos que rir é unha defensa contra a angustia e, de maneira moi xeral, a comedia é o lugar de todos os alivios posibles. É unha viaxe da vida, dun instante, dun segundo. Unha viaxe onde o tempo, medible por un reloxo, non ten ningunha importancia, dunha viaxe que ten un minuto, nada máis, pero este minuto... dentro... teno todo.

ACTUAN: Cristo Ernesto CHAO
Paco X. M. Oliveira "PICO"

DURACION: 85' **PUBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Adulto

Sábado 6 de Decembro - 19:30 h./22:30 h.

COMPANHIA: Talía Teatro

OBRA: Menos lobos

SINOPSE ARGUMENTAL:

Jennifer, Jonathan e Christopher son tres nenos de sete anos que van á casa da súa amiga Jessica a celebrar o seu cumpreanos, pero atópanse coa noticia de que o cumpreanos é ao día seguinte.

Que facer...? Pois xogar a calquera cousa con tal de non aburrirse. Pero... a qué? Pois por exemplo... a representar un conto, un conto onde haxa lobos!

Espectáculo áxil, onde o ritmo trepidante dos seus diálogos consegue manter en todo momento a atención do público infantil.

ACTUAN: Rosi Barcala Xurxo Barcala
Marta Ríos Gustavo G. Dieste

DURACION: 50' **PUBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Infantil - Familiar